

Máis un ano o Concello de Redondela acolle unha nova edición da Rede de Músicas Soltas. Por terceiro ano, a mellor música tradicional contemporánea que se pode escoitar e ver en Galicia chega a esta vila dun xeito próximo, íntimo e regular. Unha cita mensual coas mellores músicas populares nun programa para presentar os traballos discográficos destes e destas artistas en activo.

DETALLES:

- Calendario: 3º sábado de mes (en maio é o 2º) de xaneiro a xuño
- Hora: 21 h
- Lugar: Auditorio da Xunqueira de Redondela
- Billetes: 5 €
- Descostos: nen@s até os 10 anos, gratis. Moz@s até os 25 anos e persoas en situación de desemprego: 2 €
- Venta de billetes: Auditorio da Xunqueira 30 min. antes de cada concerto. Reserva no mesmo lugar, ou no teléfono 986 40 28 65, desde o xoves da semana de cada concerto

*Alén dos concertos, haberá actividades (cursos e charlas) cos artistas na súa visita a Redondela

Máis información e inscricións aos cursos aquí:

WWW.FOLQUE.COM



REDE DE MÚSICAS SOLTAS



REDONDELA 2016

Sábados 21h. Auditorio da Xunqueira. Prezo: 5€

16 de xaneiro
DAVIDE SALVADO (Gz)

20 de febreiro
COLADERA (Br)

19 de marzo
LAGHARTEIRAS (Gz)

16 de abril
TOQUES DO CARAMULO (Pt)

14 de maio
PUNTADA SEN FÍO (Gz)

18 de xuño
JAVIER MARCOS Quinteto (Gz)



Info: www.folque.com

16 xaneiro **DAVIDE SALVADO** (Galiza. Folque/Trad)

Unha das voces máis representativas da Galiza. Canto tradicional mamado das vellas cantadeiras do país, adobado con xéneros urbanos modernos. Presenta o seu último traballo “Lobos” con Santi Cribeiro (acordeón), Pablo Dalama (saxo) e Carlos Freire (percusión).



20 febreiro **COLADERA** (Brasil. Música Popular Brasileira)

Coladera é un xénero de Cabo Verde, e un dos estilos que cultiva o trío dos compositores brasileiros Vitor Santana e Marcos Suzano e do lisboeta João Pires. Música íntima. Guitarras, voces e percusión de xira por Europa.



19 marzo **LAGHARTEIRAS** (Galiza. Tradicional)

De Mos, Vigo e Redondela chegan estas pandereteiras cunha escolma de cantos, regueifas, xotas, muiñeiras e mazurcas recollidas da tradicional oral galega. Presentan o seu disco homónimo. Nove gorxas poderosas sobre o palco.



16 abril **TOQUES DO CARAMULO** (Portugal. Folque)

Explosión de folque serrano desde Águeda. Música nova das vellas cantigas, do repertorio esquecido da Serra do Caramulo. Espectáculo cheo de enerxía musical. Viola braguesa, acordeón, frauta, mandolina, violín, guitarra, contrabaixo e batería.



14 maio **PUNTADA SEN FÍO** (Galiza. Canción autor/folque)

Sonoridade orixinal en base ao repertorio na música tradicional e composicións de autor. Desde Compostela veñen presentar o seu primeiro CD “A lúa predeu a luz”. Xiana Lastra (voz), Juan Collazo (percusión) e Roberto Rama (saxo).



18 xuño **JAVIER MARCOS QUINTETO** (Galiza. Jazz)

“Ten Dez” é o título do álbum que presenta a voz de Javier Marcos con Rosolino Marinello (saxo e clarinete baixo), Felipe Villar (guitarra), José Manuel Díaz (contrabaixo) e Max Gómez (batería). Bo jazz para rematar a III edición da Rede de Músicas Soltas de Redondela.

